

O Complejo Ambiental Miramontes lamenta que se cuestione o plan de restauración do oco mineiro cunha campaña de afirmacións que faltan á verdade

Garanten que os seus procedementos na planta contan con tódalas autorizacións administrativas e ambientais precisas

Realizarán reunións informativas e xornadas de portas abertas para que veciños e comunicadores poidan coñecer de primeira man as instalacións

Santiago, 24 de maio de 2017

O Complejo Ambiental Miramontes, no que se integran varias empresas independentes pero coordinadas, garante que os seus procedementos contan con tódalas autorizacións administrativas e ambientais, tanto de ámbito municipal como autonómico, precisas para levar a cabo as actividades que desenvolven neste espazo e que inclúe tanto a extracción de áridos naturais como o proxecto de recheo do antigo oco mineiro, agora en desuso. Un procedemento, este último, no que ademais, as firmas implicadas están a levar a cabo un proceso modélico de xestión e tratamento dos residuos, con sistemas de protección que evitan calquera tipo de vertido e ofrecen garantías medioambientais ó máis alto nivel.

A canteira de Miramontes, situada na parroquia compostelá de Grixoa, desenvolveu unha actividade histórica de explotación de áridos ó longo dos anos. Esta canteira, que provocou un importante impacto paisaxístico e sobre o entorno, conta na actualidade cun plan de restauración das superficies afectadas pola actividade mineira que chegaron ó final do seu ciclo de explotación. O plan de restauración, é por lei, unha responsabilidade da propia canteira nos seus orixes.

Este plan incorpora entre os seus principais obxectivos: a integración ambiental e paisaxística destas zonas degradadas para dotalas das condicións básicas para posibilitar a reintegración destas superficies no ecosistema, dunha maneira sostible.

Ó amparo deste plan e coas autorizacións ambientais e administrativas necesarias desenvólvense dúas actividades de xestión e valorización de residuos, que teñen como fin a recuperación do espazo, coordinados pola UTE EYREGA.

Neste senso, destacar que, en concreto estas actividades, como calquera actividade humana e calquera actividade de recuperación de espazos degradados, poden xerar

impactos e molestias puntuais e de moi baixa intensidade ós veciños máis próximos, que, en todo caso, veranse recompensados cando estes espazos degradados sexan recuperados e postos ó servizo da cidadanía.

As firmas que vertebran o complexo

Así, no Complejo Ambiental de Miramontes encádranse na actualidade tres actividades empresariais coordinadas pero independentes:

-Por un lado, continúa a súa labor a canteira de extracción de áridos naturais de orixe granítico e con destino a particulares e empresas no sector da construción.

-Un vertedoiro de residuos industriais non perigosos que se sitúa no antigo oco mineiro en restauración do xacemento de cuarzo que fai anos existía nesta canteira. As actividades que se desenvolven concrétnanse nun depósito de seguridade para a xestión de residuos non perigosos, que resolve o problema do recheo dun oco mineiro de máis de 500.000 m³ de volume. Un espazo, que ademais, dispón dunha impermeabilización artificial para evitar a contaminación de augas pluviais.

-Unha planta de elaboración de solos artificiais (TECNOSOLOS GALAICOS) para a restauración medioambiental do oco mineiro unha vez situadas as antigas curvas de terreo. Procedementos estes que permitirán prover dunha terra vexetal, procedente da valorización de residuos orgánicos, coa que dotar as antigas zonas mineiras dun substrato (de cobertura) que posibilite a implantación dunha cuberta, natural e sostible, de carácter arbustiva e arbórea que asegure a incorporación destas zonas ó ecosistema (e curvas de solo) orixinal da zona.

-A instalación complementábase cunha moderna planta de tratamento de lixiviados e efluentes líquidos que son depurados. Todo o perímetro está dotado, ademais, dunha rede de piezómetros que analizan as filtracións de auga e as calidades da mesma para garantir que non se producen alteracións e ningún tipo de contaminación.

Garantías de calidade e control

O Complejo Ambiental de Miramontes dispón da correspondente licenza municipal, a favor de Cantera de Miramontes, para o desenvolvemento das tres actividades produtivas –extracción, restauración e recuperación ambiental- que na actualidade se están a levar a cabo no complexo. Así mesmo, tamén se dispón das correspondentes Autorizacións Ambientais Integradas a favor de cada unha das tres actividades que se contemplan nestas instalacións.

Así, en concreto a actividade da xestión de residuos no depósito de seguridade lévase a cabo cos máis altos estándares ambientais europeos, sendo esta instalación referente para o sector tanto a nivel autonómico como estatal, ademais de superar os requirimentos que fixa a lexislación de ámbito europeo, estatal e autonómico e contar con tódalas autorizacións necesarias.

Neste caso, a instalación conta con Autorización Ambiental Integrada, autorización que obriga a velar polo cumprimento de valores moi restritivos, e na xestión das augas pluviais e residuais, nas súas emisións atmosféricas e na conservación da calidade do solo onde se asenta a actividade. Trátase dun depósito de seguridade (perfectamente illado do chan) no que só se depositan residuos autorizados pola Administración. Conta cun sistema de impermeabilización composto por capas de láminas de polietileno de alta densidade e láminas de compostos "bentoníticos", que aseguran a estanquidade total do depósito e impiden a transferencia de residuos ó exterior. Conta ademais con procedementos de osmose inversa - a máis avanzada tecnoloxía-, decantación e filtrado que permiten a depuración e vertido das augas cunha calidade igual, e en casos superior á dos cursos fluviais do entorno.

Últimos acontecementos

En días pasados, técnicos e persoal da Xunta de Galicia desprazáronse ata Grixoa e comprobaron nas instalacións as condicións das mesmas.

Cabe destacar ademais, que como consecuencia do uso, en ocasións pouco documentado, dalgunhas das actividades que alí se realizan, por parte dalgunha organización de corte ambiental desta comunidade autónoma e dado que esta xerou unha situación de desinformación cidadá, a propia Cantera Miramontes, a súa xerencia, dirixiuse na xornada de onte á Asociación de Veciños de Monte Longo, de Grixoa. Así, nun comunicado quixo informarlle, de primeira man, ó colectivo veciñal, as actividades que se levan a cabo no Complejo Ambiental Miramontes. Especificando que o esgotamento dos recursos mineiros explotables no filón de cuarzo ocasionou que se procedese á súa restauración. Un proxecto que comezou xa no 2012 e que conta con firmas especializadas que dispoñen de tódolos permisos e licenzas administrativas e ambientais. Á par diso, ditas empresas están sometidas a inspeccións periódicas para garantir os preceptos medioambientais fixados polas autoridades competentes.

As fontes empregadas nas informacións que en días pasados saíron á luz mesturan dúas instalacións e dúas actividades (incluso dúas empresas distintas) nun "todo un" que pon en cuestión unha instalación modélica, sobre puntuais problemas (irreais) do proceso da instalación doutra que, por outro lado, é imprescindible no proceso de remediación ambiental e cuxa actividade responde ó propio Plan de Restauración da canteira.

Neste senso, cabe lamentar tamén que se estea intentando xerar unha atmosfera que cuestione os procedementos levados a cabo nas instalacións, alimentada por intereses. Concretamente, o Complejo Ambiental Miramontes puntualizou que "non compartimos, en absoluto, os argumentos que se expuxeron en días pasados ós veciños, argumentos que, sen dúbida, faltan á verdade".

Coñecer o Complexo Ambiental Miramontes

As distintas empresas que aquí operan cren e defenden os procedementos que levan a cabo nestas instalacións, amparados na lexislación vixente. Pero dadas as informacións e actuacións de días pasados, “comprobamos as desconfianzas que o noso traballo xerou nos veciños cos que convivimos. O noso compromiso é tamén con eles, porque non esquecemos, que eles están aí a escasa distancia desta planta.” Por este motivo as firmas asentadas no Complejo Ambiental Miramontes, pretenden manter unha serie de reunións informativas cos veciños para disipar calquera tipo de dúbida sobre os procedementos e as medidas de seguridade que se están levando a cabo na zona. Ademais, para complementar estas accións, e recuperar a súa confianza, realizarán visitas a partir de xuño ás instalacións para que coñezan exactamente a realidade das mesmas, que levan operando desde fai anos con total normalidade. Unha visita que posibilite que os propios veciños coñezan, *in situ*, “a incorrección de moitas das afirmacións vertidas nos últimos días”.

Tamén se levarán a cabo xornadas informativas dirixidas a medios de comunicación e comunicadores, para que tamén poidan coñecer, de primeira man, estas instalacións que se erixen como modélicas, así como os seus procedementos, avalados polo marco legal e con garantías.

Orixe do "erro" informativo

A planta de elaboración de solos artificiais (anexa pero independente) elabora, a partir de lodos de depuradora esterilizados, áridos reciclados e biomasa, un substitutivo da terra vexetal que se usa para a recuperación do entorno. Esta planta elabora e aplica, nas antigas zonas de explotación, o solo artificial que elabora, procedendo posteriormente á plantación de arbustos e árbores autóctonas sobre este chan artificial. Esta planta non xera vertidos ó exterior, pois o seu proceso non os contempla, nin emisións atmosféricas a excepción das xeradas pola maquinaria que aplica o solo nas zonas a recuperar. O impacto sobre o terreo só pode considerarse positivo posto que converte zonas degradadas en áreas fertilizadas.

As actividades que se desenvolven na canteira, ó amparo do plan de restauración, teñen de maneira global un impacto positivo sobre o entorno ó permitir estas actividades recuperar zonas que doutra maneira estarían condenadas á perpetuidade sen vida, e con problemas de erosión e xestión de augas. Unhas actuacións que á par están recollidas no Plan de Restauración do antigo espazo mineiro e que contan coa aprobación da Consellería de Innovación e Industria.

Os impactos negativos son fundamentalmente os ligados ó tráfico de camións, existentes tamén con anterioridade pola actividade da canteira; algún episodio puntual debido ó transporte de residuos antes da súa recepción nestas instalacións e o impacto visual que poida supoñer a deposición de residuos no depósito de seguridade, que en todo caso van sendo progresivamente selados, e a actividade da planta na que se elabora a cuberta vexetal para a rexeneración das áreas da antiga

explotación con esporádicas acumulacións de solo artificial á espera da súa aplicación ou pequenas balsas de auga temporais que se xeran durante os procesos de carga e aplicación do solo ou como consecuencia de precipitacións.

É preciso matizar que, algúns problemas puntuais, casos de malos olores, que se rexistraron esporadicamente, corresponden a cuestións operativas da instalación como consecuencia da posta en marcha dunha división necesaria para o tratamento de orgánicos. Unha instalación necesaria para o proceso de remediación ambiental. Estas accións postas en marcha irán remitindo inconvintes ata a desaparición total e deixar, así, de causar molestias á poboación do entorno.

Saludos, Benito G.Carril

DIRCOM

Complejo Ambiental Miramontes

Lugar de Miramontes s/n Grixoa

Santiago de Compostela

www.camiramontes.gal*

656725594

*Web operativa dende o 1 de xuño de 2017